

ADOS E SOCIEDAD TEXTIL LONIA SA ANIMAN AOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS A DOAR SANGUE

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) e a empresa ourensá Sociedad Textil Lonia SA promoverán mañá, xoves 9 de maio, unha nova campaña de doazón para aumentar a participación dos seus traballadores e traballadoras. As unidades móbiles da ADOS teñen visitado as instalacións desta empresa ourensá en 38 ocasións desde o ano 1999, acadando, no transcurso destas visitas un total de 1.629 doazóns.

A unidade móbil estará estacionada dentro do recinto da empresa das 08:00 ás 16:00 horas, para facilitar o acceso a este xesto solidario de todas as persoas que desexen doar sangue.

ADOS quere amosar o seu sincero agradecemento á dirección de Sociedad Textil Lonia SA polo seu constante compromiso coas campañas de doazón desenvolvidas pola Axencia. Así mesmo, desde a Axencia de Doazón de Órganos e Sangue faise extensivo este agradecemento a todos os traballadores e traballadoras de Sociedad Textil Lonia SA que doan sangue.